


Texto e ilustracións: **KVETA PACOVSKA**
 Tradución: **PEDRO A. ALMEIDA**

Encadernación cosida a fío. Sobrecuberta plástica
 128 páxinas. 27x27 cm.
 ISBN 978-84-96957-35-0

Prezo: 40 €

HASTA EL INFINITO

**As letras, esa arquitectura do pracer.
 Un libro que se pode contemplar de moitas formas:
 ao estilo clásico, ou xirando as páxinas,
 como unha escultura de papel pola que poidas pasear.
 Mirar cada letra, tocala, lela... Cada unha ten
 o seu propio son, a súa propia forma e cor.
 Velaquí unha cidade de papel.**



As páxinas de "Hasta el infinito" comezan cun xogo para os lectores: pronunciar a letra A en voz alta ata que o seu eco pete contra as paredes. Unha diversión extensible non só ás pezas que compoñen o abecedario, senón tamén ás vocais de forma independente, e posteriormente aos números. Kveta Pakovska presenta nesta obra unha sucesión de imaxes increíbles, que dan vida a todos e cada un dos seus elementos e que son unha invitación a experimentar cos sentidos. A súa mensaxe artística aspira a deixar pegada nos lectores e, principalmente, facelos gozar.

Non é un libro calquera: voluminoso, escultórico, desafiante, imaxinativo. Nas súas páxinas recórtanse letras e números, formas e cores, poética e experimentación. En "Hasta el infinito" recóllese unha síntese da obra gráfica e plástica desta autora, que bebe de fontes como Kandinsky, Schwitters, Klee, Miró ou Picasso. Partindo da tradición dos títeres checoslovacos, na súa obra mestúranse diversas técnicas pictóricas, cuxo resultado é un deseño abstracto e persoal. Coas súas esculturas en papel non só demostra que é posible chegar á nenez con conceptos artísticos e arquitectónicos de alto nivel, senón facer que os adultos redescubran o alfabeto e as cifras.

Unha viaxe por este libro levará o lector a experimentar sensacións e emocións novas, entre a maxia, a sorpresa e a estranxeza. Letras ocas, brillos que resaltan ao paso de cada páxina, formas que se despregan, figuras humanizadas, zoolóxico de personaxes, mosaicos cromáticos, trazos infantís e desgarrados, simetrías, transparencias e collage... Un universo cheo de vitalidade, que rebosa liberdade creativa, vangardismo e renovación.

- **Temática:** libro de arte e deseño, as letras e os números
- **Idade recomendada:** todos os públicos
- **Aspectos destacables:** contén páxinas en formato pop-up e páxinas troqueladas; estampacións en prata; páxinas con brillos de barniz ultravioleta; traballar as formas, as cores; estilos (modernismo) e técnicas (collage)

KVETA PAKOVSKA (Praga, 1928)

Estudou e graduouse na Escola de Artes Aplicadas de Praga, onde foi alumna do profesor Emil Filla, un dos baluartes do modernismo checo. Empezou a ilustrar contos nos anos 50, cando os seus fillos eran cativos, "pola ledicia de crear algo con eles", explicou a propia autora, que tamén opina que o álbum ilustrado é "o primeiro museo que un neno descobre". Seguiu ilustrando libros para outros autores e en 1990 comezou a producir as súas propias obras. Foi mestra en Berlín. En 1992 recibiu o Premio Hans Christian Andersen polo conxunto da súa obra gráfica. É autora de máis de 60 libros.

